



PERFIL DO TÍTULO

O Mestrado ten por obxecto afondar na formación especializada de profesionais no ámbito da educación formal ou non formal en relación ás distintas áreas disciplinares (Didáctica das Ciencias Experimentais, Didáctica das Ciencias Sociais, Didáctica da Expresión Corporal, Didáctica da Expresión Musical, Didáctica da Expresión Plástica, Didáctica da Matemática), contemplando tamén e de forma especial o carácter interdisciplinar.

Este mestrado, ademais de atender á innovación educativa, á formación AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estrangeiras) e a o uso adecuado das novas tecnoloxías, achégase á iniciación á investigación educativa nas diferentes áreas antes citadas e abre as portas á realización de posteriores investigacións (tese de doutoramento)

Este mestrado ten carácter interuniversitario e impartirse completamente nas tres universidades galegas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) que colaboran mutuamente na optimización de recursos materiais e humanos.

A importancia da especialización curricular

MESTRADO EN INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

OBXECTIVOS

Promover a innovación en Didácticas Específicas e a súa interdisciplinariedade.

Incidir na formación AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estrangeiras), así como na utilización de novas tecnoloxías nas aulas de Educación Infantil e Primaria.

Iniciar na investigación educativa.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Profesorado de Educación Infantil e Primaria que acaban de rematar os seus estudos e tamén aos profesionais en exercicio interesados en actualizar a súa formación.

Outros profesionais interesados na educación.

MÁIS INFORMACIÓN

Coordinadora: Susana García Barros
susg@udc.gal

Facultade de Ciencias da Educación
<http://www.educacion.udc.es/mestrados/didacticas-especificas>

PLAN DE ESTUDOS

MATERIAS OBRIGATORIAS

- 1.- Aplicación das TIC na Innovación Educativa. Metodoloxía de Investigación (3 créditos)
- 2.- AICLE: Aprendizaxe Integrada de Contidos en Linguas Estranxeiras (3 créditos)
- 3.- Deseño de Proxectos Interdisciplinares (4,5 créditos)
- 4.- Análise de Experiencias Interdisciplinares (4,5 créditos)
- 5.- A Contorna como Recurso Educativo (4,5 créditos)
- 6.- TRABALLO FIN DE MASTER (6 créditos)
- 7.- PRACTICUM (9 créditos)

MATERIAS OPTATIVAS

- 1.- Investigación e Innovación en Didáctica das Ciencias Experimentais
- 2.- Novas Tendencias na Educación Ambiental
- 3.- Intervención Didáctica en Espazos Culturais
- 4.- Investigación e Innovación na Didáctica das Ciencias Sociais
- 5.- Traballo por Proxectos en Educación Física
- 6.- Investigación e Innovación en Didáctica da Expresión Corporal
- 7.- Expresión Musical e Novas Tecnoloxías. Estratexias Didácticas
- 8.- Investigación e Innovación en Educación Musical
- 9.- Procesos e Estratexias en Fotografía e Arte Contemporánea
- 10.- Investigación e Innovación en Didáctica das Artes Visuais
- 11.- Investigación e Innovación en Didáctica das Linguas Iniciais e as súas Literaturas
- 12.- Investigación e Innovación en Didáctica da Lingua e a Literatura Estranxeira (Inglés / Francés)
- 13.- Dificultades na Aprendizaxe das Matemáticas. Enfoque Práctico
- 14.- Investigación e Innovación en Didáctica da Matemática

NOTA:

Todas as materias optativas son de tes créditos e se imparten a partir do mes de xaneiro. O alumnado ten que cursar 7 materias optativas. Posteriormente iniciará o Practicum.

